

Fundamentos de Dereito:

No BOP nº1 de martes 2 de Xaneiro de 2018, ven o anuncio relativo a:

Exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de distribución da auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 4º trimestre de 2017.

Neste padrón, figura a liquidación da taxa do meu domicilio, e indica que:

“Configurados os padróns fiscais da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 4º trimestre do 2017, estarán a disposición do público nas oficinas do servizo de Economía e Facenda sitas en rúa do Concello, 12, durante un prazo de 15 días a contar dende a data de publicación deste anuncio, en horario de 9 a 14 horas, para que os interesados poidan examinalos e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.”

Pois ben, o art. 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, non fala de 15 días de notificación. Non establece o prazo en que ten que estar exposto ao público o padrón. Máis ben, este prazo ven dado polo **prazo para interpoñer recurso de reposición**, que ven establecido no art 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en **1 mes** e que admite a suspensión do pago sempre que se presente aval ou depósito. E que se cita pero parece que se ignora, na publicación do anuncio do BOP.

Tamén, **o feito de que o cobro xa se fixera o día 4 de xaneiro, sen agardar a que se agote o prazo de recurso, que concluía o 2 de febreiro, e por tanto a posibilidade de solicitude de suspensión de execución do cobro, produce indefensión**. En consecuencia, o acto é nulo de pleno dereito. O cobro da auga potable e do saneamento son taxas é por tanto tributos e procede a lexislación tributaria (LXT 58/2003)

Artículo 217. Declaración de nulidad de pleno derecho.

Podrá declararse la nulidad de pleno derecho de los actos dictados en materia tributaria, así como de las resoluciones de los órganos económico-administrativos, que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los siguientes supuestos:

e) Que hayan sido dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido para ello o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad en los órganos colegiados.

En consecuencia, procede a revocación do acto.

Artículo 219. Revocación de los actos de aplicación de los tributos y de imposición de sanciones.

La Administración tributaria podrá revocar sus actos en beneficio de los interesados cuando se estime que infringen manifiestamente la ley, cuando circunstancias sobrevenidas que afecten a una situación jurídica particular pongan de manifiesto la improcedencia del acto dictado, o cuando en la tramitación del procedimiento se haya producido indefensión a los interesados.

Información

Importante



ESTÁS FARTA DE QUE SAIA AUGA SUCIA NA TÚA CASA?

CRES QUE DEBERÍA DESCONTARSE DO CONSUMO FACTURADO?

TES A OCASIÓN DE RECLAMALO! Recorta a páxina traseira e cúbrea cos teus datos para presentala ao rexistro do Concello en Tarrío ou no edificio de Servizos Múltiples do Burgo en horario de 9 a 14.

Durante os últimos meses véñense repetindo con moita asiduidade problemas pola turbidez da auga da traída, que orixinou moitos problemas á veciñanza do noso concello.

Desde o BNG xa se lle trasladou ao goberno municipal a necesidade de pórle remedio. Até o de agora os responsábeis municipais limitáronse a afirmar que a salubridade da auga estaba asegurada, mentres que as empresas encargadas do subministro afirman descoñecer a orixe.

Descubre máis información no interior...

Súmate ao BNG!

Construamos un Culleredo máis xusto e participativo. Se estás interesado en colaborar co BNG de Culleredo escríbenos a culleredo@bng-galiza.org



COUSAS A SABER DA AUGA EN CULLEREDO...

1. **O SERVIZO DE SUBMINISTRO DA AUGA ESTASE A PRESTAR SEN CONTRATO:** o servizo de subministro de auga potábel está a prestarse en precario desde xuño de 2015, despois de 25 anos de contrato e unha prórroga outorgada polo goberno municipal e cualificada de ilegal pola secretaría e a intervención municipais. Esta situación de precariedade ofrece dúbidas sobre o uso dos datos persoais da veciñanza na xestión do servizo.
2. **A EMPRESA CONCESIONARIA TEN UN VOLUME DE NEGOCIO DE 1.200.000€ EN CULLEREDO, SEN CONTRAPRESTACIÓN ALGUNA PARA O CONCELLO:** cando se presentaron os pregos de contratación para iniciar unha nova licitación, establecían que o novo concesionario tería que aportar ás arcas do Concello un canon anual mínimo de 50.000€ ao ano. Esta é a cantidade que a empresa concesionaria do servizo en Culleredo, Gestagua, está aforrando mentres se continúa a dilatar o proceso de contratación do servizo.
3. **GESTAGUA, UNHA EMPRESA EN PRECARIO E PENDENTE DUN PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN, DEBERÁ CERTIFICAR E ASEGURAR O SUBMINISTRO NO FUTURO DESENVOLVEMENTO DO PXOM:** Consideras que ten a capacidade para certificarlo? Como será o seu pronunciamento? Será fiable?
4. **NON RECOLLE NINGUNHA CONTRAPRESTACIÓN POLOS FALLOS NO SERVIZO:** máis alá de que a empresa concesionaria non estea obrigada a pagar un canon ao Concello polo seu negocio, non se están a aplicar ningún tipo de desconto ou contraprestación por fallos no servizo que requiren de aviso previo e pronta solución. Os fallos no servizo dos últimos meses seguen sen solución nin sequera información sobre as súas causas. Do mesmo xeito que outras empresas, como as de telefonía por exemplo, veñen ofrecendo descontos nas facturas por períodos de corte do subministro do servizo, o Concello debería reclamar contraprestacións aos veciños polos fallos dos últimos meses.
5. **A EMPRESA CONCESIONARIA NON RESPETA OS DEREITOS DE CONTRIBUÍNTES E CONSUMIDORES:** é obrigado que trala publicación dos nosos consumos e importes que nos serán cobrados na factura da auga no Boletín Oficial da Provincia se permitan 30 días de prazo antes do cobro para a presentación de recursos e reclamacións, os cales non están sendo respetados.

ATOPÁMONOS NO MOMENTO DE PRESENTAR AS NOSAS RECLAMACIÓNS ANTE O CONCELLO PARA RECLAMAR UN MELLOR SERVIZO DE SUBMINISTRO DA AUGA, QUE RESPETE OS DEREITOS DOS CONSUMIDORES E OFREZA GARANTÍAS NA CALIDADE DO SUBMINISTRO.

CONSULTA NA PÁXINA TRASEIRA TODOS OS FUNDAMENTOS DE DEREITO DESTA RECLAMACIÓN...

TES A OCASIÓN DE RECLAMALO! Recorta a páxina da dereita e cúbrea cos teus datos para presentala ao rexistro do Concello en Tarrío ou no edificio de Servizos Múltiples do Burgo en horario de 9 a 14. Tamén podes enviar copia a Consumo.

Cortar pola liña de puntos

Cortar pola liña de puntos

Don/a _____ con D.I. _____
e domicilio a efectos de notificacións _____
_____ CP _____, Culleredo.

Expón:

Que o servizo de distribución de auga potable leva varios meses sendo deficiente nun número significativo de días cada mes, saíndo a auga marrón e con suciedade. Este tipo de subministro non se corresponde coa calidade que é de esperar dun servizo público de calidade.

Que esta situación obriga a deixar correr a auga da billa até que a auga saia limpa, incrementando por tanto o consumo facturado e penalizando dobremente o servizo que debería recibir, por non poder desfrutalo e por telo que pagar sen facelo. Tendo chamado en reiteradas ocasións á empresa GESTAGUA para informarse e tendo recibido contestacións esquivas e mesmo contraditorias. En consecuencia, o importe da factura do 4º trimestre de 2017 non se corresponde co servizo realmente prestado.

Por se fora pouco, ao revisar, decatámonos de que se nos está cobrando o recibo sen darnos o prazo fixado pola lei para reclamar.

Por tanto Solicita:

Que se teña por presentado recurso de reposición contra a liquidación da taxa polo prestación do servizo de distribución de auga.

Que se me devolva o importe cobrado ilegalmente e se ingrese na miña conta bancaria ou en caixa avisándome previamente.

Que se inicie unha nova liquidación colectiva gardando os dereitos dos contribuíntes e que para a nova liquidación que se poña en marcha, se recalcule o importe da taxa, descontando un número de días non inferior a 10 que son os que levo contados como servizo deficiente no trimestre, e en consecuencia sexa a empresa concesionaria quen abone a parte correspondente dos conceptos derivados dun cómputo de consumo de auga que non se corresponde co servizo prestado:

Depuración. (EDAR DE BENS)

Saneamento (GESTAGUA CIA)

Canon (XUNTA DE GALIZA)

E o IVE correspondente aos anteriores conceptos.

Asinado:

En Culleredo a ____ de _____ de 2018

**Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE CULLEREDO
E A AXENCIA GALEGA DE CONSUMO**